



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F. : P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

ASISTENCIA PLENO 230622:

ACTA DA SESIÓN

Presidente:

Don José Muíño Domínguez

Concelleiros:

Don Carlos Allo Cundíns
Dona Sheila Recarey Varela
Dona Begoña Torrado Lema
Dona Sandra Méndez Blanco
Dona Sonia Sande Lista
Dona Tatiana Rellán Castro
Dona Sandra Redondo Fernández
Don Marcos Lois Costa
Dona Alba Villar López

Ausencias:

Don Borja Andrade Montes

Secretaría:

Dona María Garrote López

Intervención:

Dona Patricia Chas Filgueiras

EXTRAORDINARIA DO PLENO DO VINTE E DOUS DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E TRES(230622)

No Concello de Cabana de Bergantiños, o vinte e dous de xuño de dous mil vinte e tres, ás vinte horas e un minuto, reuníronse no salón de sesións habilitado para o efecto, baixo a presidencia do señor alcalde don José Muíño Domínguez, coa asistencia secretaria e dos señores concelleiros relacionados ao marxe; co obxecto de desenvolver a sesión **extraordinaria (art.38 ROF)** do Pleno, en base a Orde do día circulada e para o que foron legalmente convocados.

O alcalde excusa a ausencia dos relacionados a marxe.

A señora secretaria verifica que na primeira convocatoria existe quórum suficiente de constitución.

Unha vez que a Presidencia abriu o acto, pasouse a tratar os asuntos comprendidos na Orde do día.

Primeiro.- Constitución de grupos políticos : integrantes e portavoces.

Conforme se dispón nos arts. 23, 24 e 25 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.O.F.) aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de Novembro, e arts. 74 e 75 da Lei 5/1997, de 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia, dáse conta da constitución dos seguintes grupos municipais da Corporación, os seus integrantes e portavoces

Grupo municipal : Bloque Nacionalista Galego .

Integrantes:

- 1.Dona Tatiana Rellán Castro
- 2.Dona Sandra Redondo Fernández
- 3.Don Marcos Lois Costa
- 4.Dona Alba Villar López



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Portavoz: Dona Tatiana Rellán Castro

Suplentes do Portavoz:

1. Don Marcos Lois Costa
2. Dona Sandra Redondo Fernández
3. Dona Alba Villar López

Grupo municipal: Partido Popular

Integrantes:

1. Don José Muíño Domínguez
2. Don Carlos Allo Cundíns
3. Dona Sheila Recarey Varela
4. Dona Begoña Torrado Lema
5. Don Borja Andrade Montes
6. Dona Sandra Méndez Blanco
7. Dona Sonia Sande Lista

Portavoz: Don José Muíño Domínguez

Suplentes do Portavoz.

1. Dona Sheila Recarey Varela
2. Dona Sandra Méndez Blanco

Segundo.- Xunta de Goberno Local como órgano de goberno municipal.

O alcalde le o seguinte documento:

DAR CONTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Logo das eleccións locais do pasado 28 de maio e de constituírse a nova Corporación. Tendo en conta que ao abeiro do disposto na Lei de bases de réxime local, no artigos 20.1.b da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia e no artigo 35.2.d do Regulamento de organización e funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), a Xunta de Goberno Local existirá en aqueles concellos de poboación non superior a 5000 habitantes cando o determine o regulamento orgánico ou o acorde o pleno.

Visto o artigo 4 do Regulamento Orgánico da Corporación municipal de Cabana de Bergantiños – ROM (BOP nº 90, de 22/04/2009) que establece como órgano de goberno a Xunta de Goberno Local.

A Alcaldía, ao abeiro da lexislación exposta dalle conta ao Pleno:

Primeiro: Da determinación mediante o ROM da Xunta de Goberno Local como órgano de goberno deste concello.

Cabana de Bergantiños, na data de sinatura electrónica (19/06/2023). O alcalde. José Muíño Domínguez

Terceiro.- Composición da Xunta de Goberno Local

O Sr. alcalde le a resolución 334/2023, de 19 de xuño:

DECRETO DE NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Á vista do preceptuado nos artigos 20, 21 e 23 da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, 65 do Lei 5/1997, de 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia, e os artigos 38, 52, 53, 112 e seguintes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de Novembro de 1.986, e do Regulamento Orgánico da Corporación municipal de Cabana de Bergantiños – ROM (BOP nº 90, de 22/04/2009)

Primeiro: Nomear como membros vocais da Xunta de Goberno Local, aos seguintes concelleiros:

Sheila Recarey Varela



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Begoña Torrado Lema
Sandra Méndez Blanco
Por tanto a composición é a seguinte:
Presidente: José Muíño Domínguez
Vocais:

Sheila Recarey Varela
Begoña Torrado Lema
Sandra Méndez Blanco

Segundo: Notificar a presente resolución aos designados que se considerará aceptada tácitamente se no termo de tres días hábiles desde o día seguinte a notificación non se manifesta o contrario.

Terceiro: Remitir a resolución do nomeamento ao B.O.P. da Coruña para a súa publicación, igualmente publicar a resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte a firma da resolución pola alcaldía.

Cuarto: Dar conta ao Pleno da Corporación na sesión extraordinaria que se convoque en cumprimento do previsto no art. 38 do ROF
Cabana de Bergantiños, na data de sinatura electrónica(19/06/2023). O alcalde, José Muíño Domínguez.

Cuarto.- Periodicidade da Xunta de Goberno Local

O Sr. alcalde le a resolución 332/2023, de 19 de xuño

PERIODICIDADE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Logo das eleccións locais do pasado 28 de maio e de constituírse a nova Corporación. Visto o artigo 4 do Regulamento Orgánico da Corporación municipal de Cabana de Bergantiños – ROM (BOP nº 90, de 22/04/2009) que establece como órgano de goberno a Xunta de Goberno Local.

Visto o artigo 11 do ROM que regula o réxime de sesión da Xunta de Goberno Local.

A Alcaldía, ao abeiro da lexislación exposta, resolve:

Primeiro: Dar conta ao Pleno da celebración de sesións ordinarias de Xunta de Goberno local o segundo e último xoves de cada mes ás 19.30h.

Segundo: No caso de que o día sinalado fose festivo, o alcalde ten a facultade de adiantala ou retrasala ata 3 días hábiles.

Cabana de Bergantiños, na data de sinatura electrónica(19/06/2023). O alcalde, José Muíño Domínguez.

Quinto.-Delegacións de Alcaldía en Xunta de Goberno Local.

O Sr. alcalde le a resolución 333/2023, de 19 de xuño

DECRETO DE DELEGACIÓN DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que mediante Real Decreto 207/2023, de 3 de abril, se convocaron eleccións locais (BOE nº 80 de 4 de abril de 2023)

Visto que o 17 de xuño se celebrou a sesión constitutiva da Corporación local.

Considerando que está previsto que o alcalde pode delegar parte das súas competencias na Xunta de Goberno Local coas formalidades e requisitos establecidos nos artigos 43, 44, 45 e 114 a 118 do ROF, RESOLVO:

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias do alcalde, incluída a facultade de resolver os recursos de reposición contra os acordos que adopte este órgano colexiado nestas materias:

- Outorgamento, denegación, cambios de titularidade, prórrogas nos prazos de execución e demais incidencias relacionadas coas licencias urbanísticas de



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

obras maiores e de actividades, así como o seguimento de comunicacións previas e declaracións responsables en materia de urbanismo.

- Expedientes de disciplina urbanística, sancionadores e de reposición da legalidade urbanística.
- Aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídos ó Pleno e a aprobación dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
- Aprobación de gastos imputables ao capítulo II (gastos correntes) sempre que superen os 3.000,00 €, así como a orde de pago dos mesmos.
- Aprobación de gastos imputables ao capítulo IV (transferencias correntes) sempre que superen os 3.000,00 €, así como a orde de pago dos mesmos, excepto as subvencións de emerxencia social que seguirán sendo competencia da Alcaldía, independentemente do seu importe.
- Devolución de avais.
- Resolución de expedientes de responsabilidade patrimonial da administración municipal competencia da Alcaldía.

Segundo.- Ordenar a publicación da presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e notificala ós interesados e ás interesadas.

Terceiro.- Comunicar este acordo ós diferentes servizos municipais e dar conta do presente acordo ó Pleno na seguinte sesión que se convoque.

Cabana de Bergantiños, na data de sinatura electrónica(19/06/2023). O alcalde, José Muíño Domínguez.

Sexto.-Delegacións de competencias de Pleno en Xunta de Goberno Local.

O Sr. Alcalde le a proposta:

DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DE PLENO

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Considerando que de acordo ó establecido no artigo 20.1. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases réximen local (LBRL), os tenentes de alcalde son un órgano necesario en todo Municipio e a Xunta de Goberno Local en todo aquel cunha poboación superior ós 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu Regulamento Orgánico (ROM) ou o acorde o Pleno.

Prevese no ROM. Arts 4, 9, 10 e 11, a Xunta de Goberno Local como órgano de goberno da organización municipal do Concello de Cabana de Bergantiños.

Por outra banda, prevese no art. 22.4 da LBRL a posibilidade de que o pleno corporativo delegue no alcalde ou na Xunta de Goberno local.

Así, e para axilizar a xestión da tramitación municipal nos asuntos de competencia plenaria susceptibles de delegación, PROPOÑO AO PLENO:

Primeiro: Delegar na Xunta de Goberno Local as materias de competencia plenaria susceptibles de delegación enumeradas no art. 22.4 da LBRL, así como calquera outra competencia delegable en virtude do establecido na lexislación correspondente.

Segundo.- Ordenar a publicación da presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro da sede electrónica.

Cabana de Bergantiños, na data de sinatura electrónica(19/06/2023).O alcalde, José Muíño Domínguez.

A continuación prodúcese o debate.

Dona Tatiana Rellán Castro expón que se están quitando as competencias do pleno e que non lle parece necesario dado que os plenos son cada dous meses.

Sometido o asunto a consideración do Pleno, este aproba por seis votos a favor (don José Muíño Domínguez, don Carlos Allo Cundíns, dona Sandra Méndez blanco, dona



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Sheila Recarey Varela, dona Begoña Torrado Lema e dona Sonia Sande Lista) e catro en contra (dona Tatiana Rellán Castro, don Marcos Lois Costa, dona Sandra Redondo Fernández e dona Alba Villar López) a proposta da Alcaldía anteriormente transcrita en todos os seus termos

Sétimo.-Designación de Tenentes de Alcalde.

O Sr. alcalde le a resolución 335/2023, de 19 de xuño

DECRETO DE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE.

Visto que mediante Real Decreto 207/2023, de 3 de abril, se convocaron elecciones locais (BOE nº 80 de 4 de abril de 2023)

Visto que o 17 de xuño se celebrou a sesión constitutiva da Corporación local.

De conformidade co disposto nos artigos 20, 21 e 23 da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, arts. 62 e 63 da Lei 5/1997, de 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia, e os artigos 38, 46 e seguintes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de Novembro de 1.986, e art 8 do Regulamento Orgánico da Corporación municipal de Cabana de Bergantiños (BOP nº 90, de 22/04/2009) sendo competencia do Alcalde o nomeamento dos Tenentes de Alcalde, resolvo:

Primeiro: Nomear como Tenentes de Alcalde aos seguintes concelleiros na orde que se determina:

Primeiro Tenente de Alcalde: Sheila Recarey Varela

Segundo Tenente de Alcalde: Begoña Torrado Lema

Terceiro Tenente de Alcalde: Sandra Méndez Blanco

Segundo: Notificar a presente resolución aos designados que se considerará aceptada tácitamente se no termo de tres días hábiles desde o día seguinte a notificación non se manifesta o contrario.

Terceiro: Remitir a resolución do nomeamento ao B.O.P. da Coruña para a súa publicación, igualmente publicar a resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello residenciado na sede electrónica, sen prexuízo da súa efectividade desde o día da firma da resolución pola alcaldía.

Cuarto: Dar conta ao Pleno da Corporación na sesión extraordinaria que se convoque en cumprimento do previsto no art. 38 do ROF.

Cabana de Bergantiños, na data de sinatura electrónica(19/06/2023). O alcalde, José Muiño Domínguez.

Oitavo.- Nomeamento de representantes da corporación en órganos Colexiados.

O Sr. Alcalde le a proposta:

REPRESENTANTES

Logo de ver a constitución da nova Corporación para o mandato 2023 -2027, en virtude da sesión constitutiva que tivo lugar o 17 de xuño de 2023, como consecuencia das eleccións locais celebradas o 28/05/2023.

Considerando o disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) que preceptúa que dentro dos 30 días seguintes ao da sesión constitutiva o alcalde convocará sesión extraordinaria a fin de resolver sobre unha serie de asuntos entre os que se atopa o nomeamento de representantes da Corporación en órganos Colexiados.

De conformidade coa normativa exposta, esta Alcaldía somete á consideración do Concello Pleno a seguinte PROPOSTA:



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Primeiro. Nomear representante do Concello de Cabana de Bergantiños nos Consellos Escolares de tódolos centros educativos a dona Sandra Méndez Blanco (titular) e Carlos Allo Cundíns (suplente).

Segundo. Nomear representante do Concello de Cabana de Bergantiños na Asemblea Xeral do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar a don José Muíño Domínguez (titular) e Sheila Recarey Varela (suplente)

Terceiro. Nomear representante do Concello de Cabana de Bergantiños no Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade a don José Muíño Domínguez (titular) e Sheila Recarey Varela (suplente)

Cuarto. Nomear representante do Concello de Cabana de Bergantiños no Grupo de Acción Costeira 3 Costa da Morte (GAC) a don José Muíño Domínguez (titular) e a don Carlos Allo Cundíns (suplente).

Quinto. Nomear representante do Concello de Cabana de Bergantiños no Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) a don José Muíño Domínguez (titular) e a don Carlos Allo Cundíns (suplente).

Sexto. Nomear representante do Concello de Cabana de Bergantiños na Costa da Morte Asociación de Turismo (CMAT), a don José Muíño Domínguez (titular) e a don Carlos Allo Cundíns (suplente).

Sétimo. Nomear representante do Concello de Cabana de Bergantiños no Parque arqueolóxico do megalitismo na Costa da Morte a don José Muíño Domínguez (titular) e a don Carlos Allo Cundíns (suplente).

Oitavo. Nomear representante do Concello de Cabana de Bergantiños no "Proxecto Anllóns" a don José Muíño Domínguez (titular) e a don Carlos Allo Cundíns (suplente).

Noveno. Comunicar este acordo ás entidades afectadas e aos designados Cabana de Bergantiños, na data de sinatura electrónica (19/06/2023). O alcalde, José Muíño Domínguez.

A continuación prodúcese o debate.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, sinala: Como non é a nos proposta, a que nos faríamos, nos imos abster.

Sometido o asunto a consideración do Pleno, este aproba por seis votos a favor (don José Muíño Domínguez, don Carlos Allo Cundíns, dona Sandra Méndez Blanco, dona Sheila Recarey Varela, dona Begoña Torrado Lema e dona Sonia Sande Lista) e catro abstencións (dona Tatiana Rellán Castro, don Marcos Lois Costa, dona Sandra Redondo Fernández e dona Alba Villar López) a proposta da Alcaldía anteriormente transcrita en todos os seus termos

Noveno. - Delegacións de alcaldía en concelleiros

O Sr. alcalde le a resolución 331/2023, de 19 de xuño

DELEGACIÓNS DE ALCALDÍA EN CONCELEIROS.

En virtude das atribucións que me confiren os arts. 23 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, art. 61 da Lei 5/1997, de 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia e arts. 43 e 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de Novembro de 1.986, e sendo competencia do Alcalde efectuar as delegacións nos Concelleiros que estime pertinente, resolvo:

Primeiro: Efectuar delegacións especiais de servizo ao abeiro do art. 43.5.b do ROF nos seguintes concelleiros:

CONCELLARÍA DELEGADA DE SANIDADE, IGUALDADE E SERVIZOS SOCIAIS:
Sheila Recarey Varela

CONCELLARÍA DELEGADA DE EDUCACIÓN E XUVENTUDE: Sandra Méndez



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Blanco

CONCELLARÍA DELEGADA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E URBANISMO: Borja Andrade Montes

CONCELLARÍA DELEGADA DE TRABALLO E FORMACIÓN : Sonia Sande Lista

CONCELLARÍA DELEGADA DE RELACIÓNS VECIÑAIS E PARTICIPACIÓN CIDADÁ: Begoña Torrado Lema.

CONCELLARÍA DELEGADA DE OBRAS E SERVIZOS: Carlos Allo Cundíns.

De conformidade co previsto no art. 43.5 b) do citado R.O.F., as citadas delegacións comprenden a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, pero non inclúen a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros. A facultade resolutoria corresponde a Alcaldía.

Segundo: Conste a facultade de avocación nos termos establecidos no art. 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público.

Terceiro: Notificar a presente resolución aos designados que se considerará aceptada tácitamente se no termo de tres días hábiles desde o día seguinte a notificación non se manifesta o contrario.

Cuarto: Remitir a resolución do nomeamento ao B.O.P. da Coruña para a súa publicación, igualmente publicar a resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello residenciado na sede electrónica, sen prexuízo da súa efectividade desde o día da firma da resolución pola alcaldía.

Quinto: Dar conta ao Pleno da Corporación na sesión extraordinaria que se convoque en cumprimento do previsto no art. 38 do ROF.

Cabana de Bergantiños, na data de sinatura electrónica(19/06/2023). O alcalde, José Muiño Domínguez

Décimo.-Número e denominación das Comisións Informativas

O Sr.alcalde le a proposta:

CREACIÓN DE COMISIÓNS INFORMATIVAS E NÚMERO DE INTEGRANTES.

Logo das eleccións locais do pasado 28 de maio e de constituírse a nova Corporación. Sendo que o artigo 20.1.c) da LRBRL da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) establece que nos municipios de máis de 5.000 habitantes existirán órganos que teñan por obxecto o estudio, informe e consulta dos asuntos que deben ser sometidos á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión do Alcalde, Xunta de Goberno Local e concelleiros que ostenten delegacións. Tódolos grupos políticos integrantes da Corporación terán dereito a participar en ditos órganos mediante a presenza de concelleiros pertencentes aos mesmos en proporción ao número de concelleiros que teñan no Pleno.

Visto o artigo 37 do ROM.

Visto que o artigo 20.1.e) sinala que a Comisión Especial de Contas debe existir en tódolos municipios.

De conformidade coa normativa exposta e a xurisprudencia sinalada, esta Alcaldía somete

á consideración do Concello-Pleno a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro. Crear as seguintes Comisións Informativas Permanentes:

-Comisión de Asuntos do Pleno,

Esta comisión terá por obxecto informe ou consulta dos asuntos que haxan de ser sometidos á decisión do Pleno e da Xunta de Goberno cando esta actúe con competencias delegadas polo Pleno, salvo cando haxan de adoptarse acordos declarados urxentes. Igualmente informarán aqueles asuntos da competencia propia



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

da Xunta de Goberno, e do Alcalde ou Presidente, que lles sexan sometidos ao seu coñecemento por expresa decisión daqueles.

-Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas

Actuará como Comisión Especial de Contas no exame, estudo e informe de tódalas contas, orzamentarias e extraorzamentarias que deba aprobar o Pleno da Corporación, de acordo co establecido na lexislación reguladora da materia.

Esta comisión terá por obxecto informe ou consulta dos asuntos de facenda e de carácter económico que haxan de ser sometidos á decisión do Pleno e da Xunta de Goberno cando esta actúe con competencias delegadas polo Pleno, salvo cando haxan de adoptarse acordos declarados urxentes. Igualmente informarán aqueles asuntos de economía e facenda da competencia propia da Xunta de Goberno, e do Alcalde ou Presidente, que lles sexan sometidos ao seu coñecemento por expresa decisión daqueles.

A Comisión Especial de Contas, órgano necesario no concello, asume as competencias do artigo 116 da Lei de bases de réxime local e do 66 da lei 5/1997 e celebrará sesión nestes supostos.

- Comisión Informativa Especial de Seguimento dos traballos de elaboración do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cabana de Bergantiños.

Dita comisión operará ata a súa aprobación definitiva polo órgano competente, momento no cal quedará automaticamente extinguida.

Celebrará sesión en todo caso, con carácter previo as aprobacións do PXOM.

Segundo: Estas comisións, agás as especiais, reuniranse segundo se sinala no artigo 134 do ROF.

Terceiro: Establecer a seguinte composición para as Comisións en función da representación que cada grupo ten no Pleno:

- Partido Popular:2
- Bloque Nacionalista Galego:1

A adscrición concreta a cada comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo político realizarase mediante escrito do voceiro do grupo político dirixido ao Alcalde-Presidente e do que se dará conta ao Pleno Corporativo. Poderá designarse, de igual xeito, os suplentes de cada titular.

O Alcalde é o presidente nato das Comisións Informativas; sen embargo, a presidencia efectiva da Comisión Informativa poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión Informativa, trala correspondente elección efectuada no seu seo.

Terceiro. Informar aos diferentes grupos políticos municipais para que no prazo de cinco (5

días hábiles) desde a celebración do pleno, comuniquen o nome dos concelleiros/as que adscribirán a cada comisión informativa e do suplente ou suplentes.

Cabana de Bergantiños, na data de sinatura electrónica(19/06/2023). O alcalde, José Muiño Domínguez

A continuación prodúcese o debate.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, manifesta. Non imos votar en contra, sí absternos porque non é a nosa proposta.

Sometido o asunto a consideración do Pleno, este aproba por seis votos a favor (don José Muiño Domínguez, don Carlos Allo Cundíns, dona Sandra Méndez blanco, dona Sheila Recarey Varela, dona Begoña Torrado Lema e dona Sonia Sande Lista) e catro abstencións (dona Tatiana Rellán Castro, don Marcos Lois Costa, dona Sandra



Redondo Fernández e dona Alba Villar López) a proposta da Alcaldía anteriormente transcrita en todos os seus termos

Décimo primeiro.-Periodicidade das sesións ordinarias do Pleno.

O Sr.alcalde le a proposta:

PERIODICIDADE DE PLENOS

Logo das eleccións locais do pasado 28 de maio e de constituírse a nova Corporación é necesario establecer as sesións periódicas do Pleno.

Tendo en conta que ao abeiro do art.46.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Pleno se reunirá en sesión ordinaria como mínimo cada tres meses nos concellos cunha poboación de ata 5000 habitantes.

Visto o artigo 19.2. do Regulamento Orgánico da Corporación municipal de Cabana de Bergantiños (BOP nº 90, de 22/04/2009) que sinala:

O Pleno celebrará sesión ordinaria como mínimo cada dous meses , nos días e horas que se fixen por acordo plenario e que poderán ser cambiados en calquera momento posterior por dito órgano.

Igualmente, o Presidente, por propia iniciativa ou a petición dos portavoces por causa xustificada, poderá variar o día e a hora dalgunha sesión, distanciandoa só o imprescindible do día fixado polo Pleno, comunicándolle aos interesados e publicándoo no taboleiro de anuncios coas maior anticipación posible.

A Alcaldía, ao abeiro do disposto no artigo 78 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e en concordancia co artigo 46.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local .co artigo 210 da Lei de administración local de Galicia, e co artigo 19.2. do ROM, proponlle ao Pleno da Corporación o seguinte:

Primeiro: Establecer as sesións ordinarias do Pleno do Concello de Cabana de Bergantiños os **últimos xoves de cada mes impar ás 20:00 horas.**

Segundo: No caso de que o xoves sexa festivo o alcalde poderá facer uso da facultade regulada no art.19.2 ROM

Cabana de Bergantiños, na data de sinatura electrónica(19/06/2023). O alcalde, José Muiño Domínguez

A continuación prodúcese o debate.

Dona Tatiana Rellán Castro indica o mesmo que no punto anterior que o seu grupo se vai abster porque non é a proposta que eles elaborarían.

Sometido o asunto a consideración do Pleno, este aproba por seis votos a favor (don José Muiño Domínguez, don Carlos Allo Cundíns, dona Sandra Méndez blanco, dona Sheila Recarey Varela, dona Begoña Torrado Lema e dona Sonia Sande Lista) e catro abstencións (dona Tatiana Rellán Castro, don Marcos Lois Costa, dona Sandra Redondo Fernández e dona Alba Villar López) a proposta da Alcaldía anteriormente transcrita en todos os seus termos

Décimo segundo.- Dedicación exclusiva da Alcaldía

O Sr.alcalde le a proposta:

PROPOSTA DE ALCALDÍA.

O artigo 75 da Lei de bases do réxime establece que os membros das Corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desenvolvan con dedicación exclusiva ou parcial, determinándose neste caso as retribucións en función do tempo de adicación efectiva ás responsabilidades ou delegacións que a motivaran.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Vista a especial responsabilidade , adicación , ocupación que require o cargo de alcalde e coa finalidade primordial de conseguir un funcionamento dinámico de todos os servizos municipais, considérase necesario o exercicio desde cargo con dedicación exclusiva.

Considerando que a Lei Reguladora das bases de Réxime Local de 2 de abril de 1985, no seu art.75 e o art.13 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, dispón que os membros das Corporacións Locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación parcial ou exclusiva.

Considerando que no orzamento municipal do presente exercicio, no seu capítulo primeiro existe crédito adecuado e suficiente.

Esta alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Determinar cargo electo con dedicación exclusiva ao Alcalde.

Segundo: Fixar a seguinte retribución brutas a percibir en catorce pagas, doce correspondentes a cada mensuralidade do ano e dúas restantes correspondentes as mensuralidades de xuño e decembro (co mesmo período de devengo que o disposto na normativa aplicable a empregados públicos):

- O Alcalde : 46.463,90 €.

Esta contía será incrementada de forma automática na cantidade que resulte de aplicar o aumento en termos porcentuais das retribucións dos altos cargos do Estado e dos empregados públicos que se deduza do establecido na Lei de orzamentos Xerais do Estado en cada exercicio e na normativa establecida ao efectos, respectando sempre o límite máximo total que poidan percibir os membros das Corporacións Locais por todos os conceptos retributivos e asistencias.

Os tenentes de alcalde terán dereito as retribucións para a Alcaldía nos casos de substitución da alcaldía nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, polos días nos que efectivamente o substitúan.

Terceiro: Dar de alta no Réxime de Xeral da Seguridade Social ao Sr. Alcalde con efectos de 17 de xuño de 2023, debendo asumir o Concello de Cabana de Bergantiños o pago das cotas empresarias que correspondan.

Cuarto: Publicar este acordo nos termos e extensión previstos no art. 75.5 da Lei de bases de réxime local.

Cabana de Bergantiños, na data de sinatura electrónica(19/06/2023). O alcalde, José Muiño Domínguez

A continuación prodúcese o debate.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, sinala: Se a vos os parece que é o correcto, non entramos a valoralo e nos abstemos.

Sometido o asunto a consideración do Pleno, este aproba por seis votos a favor (don José Muiño Domínguez, don Carlos Allo Cundíns, dona Sandra Méndez blanco, dona Sheila Recarey Varela, dona Begoña Torrado Lema e dona Sonia Sande Lista) e catro abstencións (dona Tatiana Rellán Castro, don Marcos Lois Costa, dona Sandra Redondo Fernández e dona Alba Villar López) a proposta da Alcaldía anteriormente transcrita en todos os seus termos

Décimo terceiro.-Dedicación exclusiva do concelleiro de Obras e Servizos.

O Sr.alcalde le a proposta

PROPOSTA DE ALCALDÍA



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Visto o decreto de 19 de xuño de 2023 pola que aprobou a delegación especial de servizo (43.5 ROF) da competencia da Alcaldía a favor da Concellería delegada de Obras e Servizos .

Visto que a delegación comprende a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, sen que en ningún caso poida resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Visto que o correcto desenvolvemento desta consellería require un traballo e un exercicio permanente das funcións, sendo necesaria unha adicación diaria e un traballo que esixe unha presenza inmediata.

Resultando que ningunha das concelleiras sobre os que recaen as delegacións efectuadas por alcaldía perciben retribución ningunha con cargo aos orzamentos doutras Administracións Públicas nin dos entes, organismos ou empresas desas dependentes, e non desenvolven actividades privadas, incluídas as profesionais, nin por conta propia nin allea, que se relacionen directamente coas que ostentan, segundo manifestan persoalmente cada un deles.

Considerando o artigo 75 da Lei de bases do réxime local, segundo os cales os membros das Corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desenvolvan con dedicación exclusiva ou parcial, determinándose neste caso as retribucións en función do tempo de adicación efectiva ás responsabilidades ou delegacións que a motivaran.

Considerando o artigo 14 da Lei 53/1984, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, que sinala que o exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fora das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade, sendo o Pleno o órgano competente para a súa aprobación.

Considerando o artigo 13.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, segundo o cal será o Pleno, a proposta do Presidente, o que determinará a relación de cargos da Corporación que se desenvolverán en réxime de dedicación exclusiva e as contías das súas retribucións, o Pleno Corporativo ACORDA:

Primeiro.- Acordar a aprobación da dedicación exclusiva para o cargo de concelleiro/a que ostenten a delegación especial de servizo da Concellería de obras e Servizos.

Segundo. Fixar as seguintes retribucións brutas a percibir en catorce pagas, doce correspondentes a cada mensuralidade do ano e dúas restantes correspondentes as mensuralidades de xuño e decembro (co mesmo período de devengo que o disposto na normativa aplicable a empregados públicos):

- Concelleiro de Obras e Servizos: 34.476,68 €

Esta contía será incrementada de forma automática na cantidade que resulte de aplicar o aumento en termos porcentuais das retribucións dos altos cargos do Estado e dos empregados públicos que se deduza do establecido na Lei de orzamentos Xerais do Estado en cada exercicio e na normativa establecida ao efectos, respectando sempre o límite máximo total que poidan percibir os membros das Corporacións Locais por todos os conceptos retributivos e asistencias.

Terceiro. Dar de alta no Réxime de Xeral da Seguridade Social ao concelleiro que ostente a delegación especial de servizo da Concellería delegada de Obras e Servizos, con efectos desde o 19 de xuño de 2023 (data da delegación)

Cuarto: Publicar este acordo nos termos e extensión previstos no art. 75.5 da Lei de bases de réxime local



Cabana de Bergantiños, na data de sinatura electrónica(19/06/2023). O alcalde, José Muiño Domínguez

A continuación prodúcese o debate.

Don Marcos Lois Costa, coa venia da presidencia, indica: Non entramos a valorar outra dedicación exclusiva.

Sinala que se o coche se adica só o cargo e as funcións propias e non se usa ó rematar a xornada votarán a favor.

Don Carlos Allo Cundíns,coa venia da presidencia, contesta: Non hai ningún problema Sometido o asunto a consideración do Pleno, este se aproba por unanimidade dos presentes.

Décimo cuarto.-Indemnizacións por asistencias a órganos colexiados.

O Sr.alcalde le a proposta

INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS.

O artigo 75.3 da Lei de Bases de Réxime Local dispón que os soamente os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva ni dedicación parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva as sesións de órganos colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo pleno da mesma.

Os membros das corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas administracións públicas e as que en desenrolo das mesmas aprobe o pleno corporativo.

As Corporacións locais consignáranas nos seus orzamentos, as retribucións, indemnizacións e asistencias que se fan referencia no citado artigo, dentro dos límites de con carácter xeral se establezan, no seu caso. Deberán publicarse integramente no Boletín oficial da Provincia e fixarse no taboleiro de anuncios da Corporación os acordos plenarios referentes a retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial e réxime de dedicación de estes últimos, indemnizacións e asistencias, así como os acordos do Presidente da Corporación, determinando os membros da mesma que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

Visto o disposto no artigo 38 do RD 2568/1986, do 28 de novembro.

Visto que a práctica e a eficacia fan recomendables a retribución de asistencias a órganoscolexiados para aqueles concelleiros/as que non perciban dedicación exclusiva nin parcial.

PROPOÑO ao Pleno do Concello de Cabana de Bergantiños a adopción do seguinte ACORDO

Primeiro.- Aprobar as seguintes contías por asistencia a órganos colexiados para aqueles concelleiros e concelleiras que non perciban dedicación exclusiva o parcial:

- Pleno: 100 euros por membro e sesión.
- Comisións informativas: 100 euros por membro e sesión.
- Xunta de Goberno local: 150 euros por membro e sesión.

Segundo.- Publicar o correspondente anuncio no BOP aos efectos da súa publicidade, así como no taboleiro de edictos do Concello.

Cabana de Bergantiños, na data de sinatura electrónica(19/06/2023). O alcalde, José Muiño Domínguez

A continuación prodúcese o debate.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: Por qué a diferenza?

O alcalde contesta: pola responsabilidade e os asuntos

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, indica: e non temos mais responsabilidade porque se lle quitan ó pleno e non o vemos ben.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Sometido o asunto a consideración do Pleno, este aproba por seis votos a favor (don José Muiño Domínguez, don Carlos Allo Cundíns, dona Sandra Méndez blanco, dona Sheila Recarey Varela, dona Begoña Torrado Lema e dona Sonia Sande Lista) e catro en contra (dona Tatiana Rellán Castro, don Marcos Lois Costa, dona Sandra Redondo Fernández e dona Alba Villar López) a proposta da Alcaldía anteriormente transcrita en todos os seus termos

Non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde da por terminado o acto, ás vinte horas e trinta e cinco minutos do día da data, do que se estende a presente acta, que eu, a secretaria, certifico e asino, autorizando a mesma, xunto co señor alcalde.